



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O CONCELLO DE BAIONA PARA A CONCRECIÓN DA HABILITACIÓN LEGAL CONTIDA NO ARTIGO 65 DA LEI 5/2016, DO 4 DE MAIO, DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

Baiona, 8 de maio de 2019

REUNIDOS

Dunha parte,

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, (DOG nº 243), no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

E doutra,

Angel M. Rodal Almuíña, alcalde do Concello de Baiona , que actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 21.1b) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, da Administración Local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen a capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

I. A Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, establece no seu artigo 143 que as Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de xeito voluntario a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

II. A Consellería de Cultura e Turismo é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a quen lle corresponde, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción da cultura e dos aspectos vinculados á protección, conservación, difusión, fomento e recuperación do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago, así como a elaboración dos anteproxectos normativos que lles afecten.

O artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia establece a competencia exclusiva da Consellería de Cultura e Turismo para a autorización das intervencións que se pretenda realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento.

III. A Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local establece no seu artigo 25 que “o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de





protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.”

IV. O artigo 65 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que “No caso de que os concellos contén con instrumentos de planeamento urbanístico xeral ou de desenvolvemento adaptados ás previsións desta lei en materia de protección do patrimonio cultural, estarán habilitados para autorizar as intervencións que se refiran a bens catalogados integrantes do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico e as súas contornas de protección e zonas de amortecemento.

O concello comunicará á consellería competente en materia de patrimonio cultural, cunha periodicidade trimestral, as autorizacións e licenzas ditadas conforme a esta habilitación.

Dita habilitación concretarase, en cada caso, nun convenio de colaboración específico entre o concello e a consellería competente en materia de patrimonio cultural que recolla, como mínimo, os compromisos de asesoramento autonómico e os recursos técnicos de supervisión e seguimento de carácter municipal, para determinar o alcance da habilitación.”

V. A disposición adicional cuarta da dita lei indica que “a habilitación aos concellos para a autorización das intervencións á que se refire o artigo 65, independentemente das consideracións específicas que se determinen no convenio de colaboración, deberá garantir polo menos:

- a) Un planeamento urbanístico adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ou norma que a substitúa, que conte na súa tramitación co informe favorable expreso da consellería competente en materia de patrimonio cultural.
- b) A certificación municipal da dispoñibilidade dunha comisión técnica formada, polo menos, con persoal técnico competente para o exercicio da arquitectura, a arqueoloxía e a historia da arte.
- c) Unha metodoloxía e sistematización da información compatibles co regulamento do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, que permitan o adecuado traslado da información e comunicación das autorizacións concedidas e o seu contido.

VI. O Concello de Baiona certificou que conta cun planeamento urbanístico, no presente caso, un Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado con data do día 4 de xuño de 2014 e polo tanto adaptado á lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia ou a lei 2/2016 de 4 de febreiro, do Solo de Galicia. Na súa tramitación o planeamento contou con informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 2 de decembro de 2013, (expediente 2009-1973) e cunha comisión técnica adaptada ao disposto pola disposición adicional cuarta da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

En virtude do exposto, a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Baiona conveñen asinar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes





CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do convenio é concretar os termos e o alcance da habilitación contida no artigo 65 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia para autorizar as intervencións que se refiran a bens catalogados integrantes do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico e as súas contornas de protección e zonas de amortecemento.

A dita habilitación deberá respectar sempre as limitacións contidas no dito artigo e polo tanto non poderá referirse a bens declarados de interese cultural, nin a calquera ben catalogado do patrimonio artístico ou arqueolóxico, ou calquera ben incluído no ámbito territorial delimitado como Camiño de Santiago, así como os que sexan titularidade da Igrexa católica e as actuacións de salvagarda que promova a consellería competente en materia de patrimonio cultural, que se someterán ao réxime xurídico ordinario recollido no primeiro punto do artigo e polo tanto deberán ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.

Asemade, en función do disposto no artigo 54, a habilitación non poderá referirse aos procedementos de declaración de ruína, por implicar a desaparición total ou parcial dos bens, coa situación irreversible que pode conlevar.

Segunda. Réxime das autorizacións

1. Dentro dos límites sinalados na cláusula anterior e no artigo 65 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se refiran a bens catalogados integrantes do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico e as súas contornas de protección e zonas de amortecemento serán autorizadas polo Concello de Baiona, en virtude da habilitación atribuída pola dita Lei 5/2016, asumindo o Concello a responsabilidade non só derivada dos aspectos urbanísticos da licencia, senón tamén a derivada da protección do patrimonio cultural.

A responsabilidade do Concello inclúe tamén as posibles responsabilidades patrimoniais derivadas da súa actuación na materia.

2. A Consellería de Cultura e Turismo será informada trimestralmente polo Concello de Baiona da relación de autorizacións e licencias concedidas ao abeiro da competencia atribuída no artigo 65 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Dentro das súas funcións de protección do patrimonio cultural galego, a Consellería poderá, en calquera momento, realizar unha verificación das autorizacións concedidas polo Concello de Baiona, ao abeiro deste convenio, cunha periodicidade mínima anual, mediante o exame dunha mostra de dúas autorizacións ou licencias de cada un dos tipos de intervencións que se definen no artigo 40 da Lei 5/2016, do 4 de maio.

Para a verificación da dita mostra a Consellería solicitará ao Concello a remisión dos correspondentes proxectos, informes, e demais documentación presentada para o outorgamento da autorización. Esta documentación deberá remitirse tanto en formato papel como dixital.





Terceira. Obrigas das partes

1. A Consellería de Cultura e Turismo asume as obrigas de asesoramento ao Concello, sempre que o precise, en relación ao valor cultural dos bens cuxa consulta se **e**leve á Consellería, sen que en ningún caso este asesoramento ou o cumprimento deste convenio implique a transferencia de recursos financeiros ou persoais da Consellería ao Concello.

2. O Concello de Baiona asume as seguintes obrigas:

a) Manter a composición da comisión técnica municipal de conformidade ao disposto na disposición adicional cuarta da Lei 5/2016, do 4 de maio..

b) Remitir á Consellería aquelas solicitudes de intervencións en **algún** dos bens indicados no parágrafo segundo da cláusula primeira, sobre os que non se estende a **habilitación** do Concello.

c) Respetar os criterios e as actuacións autorizables segundo os **niveis** de protección establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, especialmente nos seus artigos 40, 41, 42, 44, 45 e 46.

d) Adaptar a tramitación das solicitudes de autorización ao disposto na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e a lei 40/2015, do 1 de outubro, de **r**exime xurídico do sector público.

e) Comprobar que ás solicitudes de autorización acompañen a documentación esixida no artigo 43 da mesma lei.

f) Informar trimestralmente á Consellería de todas as autorizacións e licencias concedidas ao abeiro deste convenio. Así mesmo, deberá remitirse unha copia dos documentos habilitantes concedidos polo Concello, que deberán reflexar en todo caso que contan co informe da comisión técnica municipal designada aos efectos do exercicio da habilitación e o extracto do seu informe ou ditame, así como a existencia da entrega da memoria final de execución nos casos nos **que** sea precisa de conformidade co artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio. Esta documentación remitirase ademais en formato dixital.

g) Sempre que como consecuencia dalgunha intervención que deba autorizar o Concello conforme a este convenio sexa preciso realizar algún tipo de cautela arqueolóxica, **d**eberá remitirse á Dirección Xeral de Patrimonio cultural para que se pronuncie respecto da cautela arqueolóxica, e unha vez exista o **p**ronunciamiento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural neste **s**entido, o Concello poderá continuar co **s**eu análise da intervención para exercer a competencia autorizatoria.

h) En todos aqueles casos nos que de conformidade co artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, sexa precisa a realización e entrega dunha memoria final de execución, o Concello remitirá unha copia á Consellería de Cultura e Turismo, se é posible en formato papel e dixital, cando a reciba, ou no seu caso, unha vez finalizado o prazo para a súa presentación, unha certificación de **q**ue a persoa promotora non lla ten entregado en prazo.

3. As partes teñen a obriga de relacionarse electrónicamente **s**egundo o establecido no artigo 14 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.





Cuarta. Vinculación laboral

A sinatura do convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan a labor técnica obxecto deste convenio coa Consellería de Cultura e Turismo, calquera que sexa a súa relación laboral ou contractual co Concello.

Quinta. Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Baiona acepta e consiste a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Sexta. Comisión de seguimento

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Consellería de Cultura e Turismo, un dos cales actuará como presidente, e outros dous do Concello de Baiona.

Sétima. Vixencia

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura e por un período de catro anos, prorrogables por outros catro. Porén, poderá prorrogarse por períodos similares por acordo expreso das partes asinantes.

A aprobación de algún documento de planificación urbanística ou de ordenación do territorio que supoña unha variación substancial do planeamento vixente no Concello, requirirá un pronunciamento expreso da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para que o convenio continúe vixente.

Oitava. Causas de resolución

Serán causas de resolución as seguintes:

- a) Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas ou das previsións da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, sen prexuízo das posibles responsabilidades administrativas ou penais en que se puidera ter incorrido, en particular as derivadas dos artigos 320 e 322 do Código Penal
- b) A denuncia unilateral polo Concello de Baiona, sempre e cando se realice cun prazo de preaviso dun mes.
- c) Cando, por causa de forza maior, as partes, ou unha delas, se vexa imposibilitada para continuar o cumprimento do convenio.
- d) O remate do prazo previsto para a súa vixencia.





Novena. Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e no seu defecto polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso administrativa.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes o asinan por duplicado exemplar no lugar e data indicados.

Pola Consellería de Cultura e Turismo



Román Rodríguez González

Polo Concello de Baiona



Ángel M. Rodal Almuíña



ANEXO I

1. Certificado do Concello

- a. Relación completa do Planeamento municipal vixente, con datas de aprobación definitiva. Incluídos o Planeamento de desenvolvemento ata o nivel de Estudo de Detalle e delimitacións de núcleo, así como todas as Modificacións puntuais.

Documento	Tipo	Data de Aprobación	Publicación
Plan Xeral de Ordenación Municipal	Planeamento xeral	04.06.2014	DOG 17.06.2014
SUP -5 LOUREIRAL	Plan parcial	16.02.2001	BOP 15.06.2001 e 01.10.2001 (normativa) DOG 06.07.2001
SUP 1- SABARIS, AS ESCUBICHAS	Plan Parcial	16.02.2001	DOG 06.07.2001 BOP 15.06.2001 e 04.10.2002 (normativa)
AS ESCUBICHAS I	Plan Parcial	21.04.1988	BOP 28.05.1988 e 01.12.1988
BURGO BAIÑA	Plan Parcial	30-01-1987	DOG 27.02.1987
VIRXE DA ROCHA .	Plan Parcial	17-06-1983	BOP 22-07-1983
O LOUREIRAL	Plan Parcial	23-10-1979	
REFORMA INTERIOR NUM 3 UE-3 "RINCON DE PEPE"	Plan Especial	07-10-2004	BOP 22-12-2004 e normativa 22-12-2004 DOG:22-12-2004
REFORMA INTERIOR IV(UE- DO PXOM SANTA CRSITI- NA 4)	Plan Especial	15-06--2004	BOP 14-07-2004 e normativa 14.07.2004 DOG 22-07-2004
O PLAN ESPECIAL DE PROTECCION DO CONXUNTO HISTORICO ARTIS- TICO (PEPCHAB),	Plan Especial	02.06.2011	BOP : 22.06.2011 DOG:28.06.2011
PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN	Plan Especial	01.06.2015	BOP 01.06.2015 DOG 07.07.2015
ESTUDO DE DETALLE Nº2DO PEPCHAB.	Estudo de Detalle	22.12.2014	BOP 15.01.2015 DOG 15.01.2015
CONDICIÓN DE EXECUCION OS TEN- DAIS	Estudo de Detalle	29.04.1998	





- b. Medios técnicos dispoñibles: identificar á persoa, a súa titulación, o tipo de relación laboral e os días e horas dispoñibles.

Técnico	Titulación ¹	Otras titulaciones	Dispoñibilidade
Arquitecto Municipal (funcionario)	Licenciatura en arquitectura		Xornada completa
Arquitecto técnico (persoal laboral)			Xornada completa
Técnico Administración Xeral (funcionario interino)	dereito		Xornada completa
Técnico de Museo (funcionario interino)	Licenciatura en historia	Doutora en Prehistoria y Arqueoloxía.	Xornada parcial (20 horas)
Arqueólogo da Deputación Provincial	Licenciatura en historia	Diploma de Estudos avanzados en arqueoloxía	Asistencia ás sesións da Comisión de Seguimento do PEPCHAB e emisión de informe previo á autorización da Consellería de Cultura conforme o artigo 86.3 do PEPCHAB)
Secretario do Concello (funcionario)	Licenciatura en dereito		Xornada completa
Conforme o artigo 80 do PEPCHAB forman parte da Comisión de Seguimento dous técnicos da delegación territorial da Consellería de Cultura de Pontevedra, a fin de asesorar e informar os devanditos proxectos e a unha persoa de arraigo no Concello de Baiona			

- Relación de expedientes tramitados no último ano perante a Dirección Xeral do Patrimonio cultural.
- Sen datos sobre os interesados e diferenciando o alcance da obra (maior/licenza ou menor/comunicación previa) e se se ten producido sobre os bens protexidos ou o seu contorno.

Ano	Tipo de obra	
	Obra maior	Obra menor
2017		Licenza de obra nº12-4/17- ben protexido- equipamento privado
2017	Licenza de obra nº16-5/17 ben protexido	
2017	Licenza de obra 27-8/17 – contorno de protección	
2017	Aprobación proxecto de reurbanización (expte 1192/2017)-contorno de protección	
2017		
2017		Comunicación previa obras exteriores en Área de Protección (ref. 907/16_expte.Concello RE4155/2017)
2017		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 1420/15_expte.Concello RE4682/2015)
2017		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 2016/1335_expte.Concello RE9013/2013)

Incluirase un currículo xustificativo da súa formación, con especial referencia ao ámbito do patrimonio cultural





2017		Comunicación previa obras exteriores en Área de Protección (ref. 1563/16_expte.Concello RE6716/2016)
2017		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 2016/1568 CP_expte.Concello RE9048/2015)
2017		Comunicación previa obras interiores en contorna de protección e Área de Protección (ref. 2016/1569 CP_expte.Concello RE3326/2016)
2017		Comunicación previa obras exteriores en NR-HT (ref. 336/17_expte.Concello RE1878/2017)
2017		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 2016/1336 CP_expte.Concello RE2392/2016)
2017		Comunicación previa obras acondicionamento de local en contorna de protección (ref. 2017/0850 CPC_expte.Concello RE2195/2017)
2017		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 2017/0965 CPC_expte.Concello RE3043/2017)
2017		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 2017/1690 CPC_expte.Concello 1431/2017)
2018		Comunicación previa obras exteriores e interiores en contorna de protección (ref. 2017/1356 CP_expte.Concello RE5027/2016)
2018		Comunicación previa obras canalización servizos en contorna de protección (ref. 2017/0921CPC_expte.Concello RE1468/2017)
2018		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 2017/0792 CPC_expte.Concello RE2638/2017)
2018		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 2017/0787 CPC_expte.Concello RE1782/2017)
2018		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 2017/1179_expte.Concello 843/2017)
2018		Comunicación previa obras exteriores en Área de Protección (ref. 1466/17_expte.Concello 1107/2017)
2018		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 2017/1006 CPC_expte.Concello 592/2017)
2018		Comunicación previa obras exteriores en Área de Protección (ref. 1539/17_expte.Concello 756/2017)
2018		Comunicación previa obras exteriores en Área de Protección (ref. 586/16_expte.Concello 261/2018)
2018		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 2017/1432_expte.Concello 999/2017)
2018		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 2017/1080_expte.Concello 470/2017)
2018		Comunicación previa obras exteriores en contorna de protección (ref. 2017/1180_expte.Concello 696/2017)
2018		Comunicación previa de obras exteriores en contorna de protección (ref. 2017/1365_expte.Concello 985/2017)
2018		Comunicación previa de obras exteriores en contorna de protección (ref. 320/18_expte.Concello 1971/2017)
2018		Comunicación previa obras exteriores en Área de Protección (ref. 153/18_expte.Concello 164/2018)
2018		Comunicación previa de obras exteriores en contorna de protección (ref. 1438/17_expte.Concello 120/2017)
2018		Comunicación previa de obras exteriores en contorna de protección (ref. 2018/0999_expte.Concello 1600/2018)
2018		Comunicación previa de obras exteriores en contorna de protección (ref. 2018/0052_expte.Concello 1655/2017)
2018	Licenza de obra 699/2017 elemento catalogado	
2018		Licenza de obra expte 134/2018
2018	Licenza de parcelación expte 989/2017- contorno de protección	

4. Informe sobre as determinacións xerais do planeamento: Achegarase informe de análise do planeamento en vigor no que se determinen con claridade cales son os niveis de protección dos elementos, cales son os tipos de obras que prevé o documento e a relación entre tipo de obras e o nivel de protección. Esta relación compararase coas determinacións establecidas nos artigos 40 a 42 da LPCG para, en especial, identificar a súa correspondencia, as súas diferenzas e propoñer, no seu caso, as equivalencias para a súa interpretación, tomando en consideración o punto terceiro da disposición transitoria cuarta da lei. (achégase informe dos técnicos municipais)





5. Disponibilidade e composición da Comisión técnica (achégase escrito Alcaldía)
6. Proposta de funcionamento da Comisión relacionada coas autorizacións que se realicen en aplicación da habilitación, e do procedemento para concesión das licenzas, autorizacións ou títulos habilitantes. (achégase escrito Alcaldía)
7. Compromiso de adoptar o sistema de comunicacións trimestral das autorizacións e licenzas que se concedan como resultado da habilitación.

COMUNICACIÓNS

Os concellos deberán realizar a comunicación das autorizacións e licenzas que concedan en aplicación da habilitación de forma sistemática e que permita o uso e aplicación dos datos de forma coherente coa información que debe acompañar ao Catálogo.

Ademais da comunicación sistematizada achegaranse copias dos documentos habilitantes (autorizacións ou licenzas) concedidas polo Concello, que deberán en todo caso reflexar:

- que contan co informe da Comisión Municipal designada aos efectos do exercicio da habilitación e o extracto do seu informe ou ditame.
- A esixencia da entrega da memoria final cando sexa esixible: actuacións nos bens que excedan as de mantemento.

Por tal motivo propónse, en tanto non se desenvolva nin o regulamento para o devandito Catálogo nin as aplicacións informáticas necesarias para sistematizalo, que se empregue unha táboa de datos tipo Folla de Cálculo no que se recollan cando menos os seguintes:

Ano	Trimestre	Núm ²	Data Concesión	Data límite remate	Solicitante		Ben afectado ³			
					Nome	Enderezo	Nome	Código do PXOM	Nivel de protección	Localización ⁴

Tipo de Obra ⁵	Proxecto/ Documentación	Redactor ⁶		Condicións impostas na licenza relativas á protección do patrimonio cultural e as determinacións específicas para o ben
		Nome	Enderezo	

Debe identificarse ao solicitante/promotor e aos técnicos redactores posto que a LPCG establece no réxime sancionador responsabilidades para eles, e posto que as competencias nesta materia non se habilitan, deben permanecer identificados.

- 2 Numeración correlativa en función da data da concesión.
- 3 Diferenciar o ben do seu contorno de protección
- 4 Do ben que se intervé: Enderezo postal en ámbito urbano; lugar e parroquia en ámbito de núcleos e parcela e polígono en ámbitos rústicos. Avaliar a posibilidade de introducir a referencia catastral
- 5 Segundo o criterio de equivalencias, empregar as do artigo 41, sempre que as actuacións sexan sobre os bens e non no seu contorno
- 6 No caso de habelo, posto que poden ser actuacións de menor entidade



